

DESCUBRIMOS AS PAISAXES DA TERRA



QUE IMOS APRENDER?

- Como é a terra.
- Os océanos e os continentes
- Como son as paisaxes de montaña.
- Como son as paisaxes de chaira.
- Como son as paisaxes de costa.



Definicións

Traballar con
esquemas

DESCUBRIMOS AS PAISAXES DA TERRA

A TERRA

OCÉANOS

PACÍFICO
ATLÁNTICO
ÍNDICO
ÁRTICO
ANTÁRTICO

CONTINENTES

ASIA
AMÉRICA
ÁFRICA
EUROPA
OCEANÍA
ANTÁRTICA

AS PAISAXES

DE MONTAÑA

MONTAÑAS
SERRAS
CORDILLEIRAS
VALES

DE CHAIRA

MESETAS
DEPRESIÓNS
OUTEIROS

DE COSTA

CABOS
GOLFOS
PRAIA
ILLAS
ARQUIPIÉLAGO
PENÍNSULA


COMO É A TERRA?

Na superficie da terra destacan tres cores:

Verde: vexetación



Marrón: rochas dos
continentes e illas



Azul: auga dos océanos
e dos mares




No mapamundi podemos ver os oceanos e os continentes á vez



OCÉANOS

Definición. Os océanos son grandes superficies de auga **salgada**.




Océano Glacial Ártico

**Océano
Atlántico**

**Océano
Pacífico**

**Océano
Índico**

Océano Glacial Antártico



CONTINENTES

Definición. Os continentes son
amplas extensiones de terra.

Asia


América

África

Europa

Oceanía

Antártida



IMOS REFLEXIONAR...

Na Terra hai paisaxes naturais moi variadas. As persoas modificamos as paisaxes e, ás veces, deteriorámolas.

Como podemos facelo?

Cres que é necesario conservar as paisaxes que teñen un valor especial?



As paisaxes

Definición. A paisaxe é o aspecto que ten unha ampla extensión de terreo.

Paisaxes naturais

Relevo

Son as formas do terreo como as **montañas** ou as **chairas**.

Vexetación

Son as **plantas** que crecen no terreo-

Augas

Son os **océanos e mares, ríos, regatos, neves, lagos...**

Paisaxes humanizadas

Campos

Pontes

Casas

... e outros elementos construídos polas persoas

Estradas

Cidades

Tipos de paisaxes

Na Terra podemos ver paisaxes moi diferentes.

Paisaxe de montaña



Pena Trevinca. Ourense

Paisaxe de chaira



Terra Chá. Lugo.

Paisaxe de costa



Illas Atlánticas. Pontevedra.

Como son as paisaxes de montaña?

O terreo das paisaxes de montaña é **elevado** e adoita ter **abundante vexetación**. Nas paisaxes de montaña atopamos numerosas montañas que forman **serras** e **vales** que se abren entre elas.

Montañas e serras

As montañas son terreos **elevados e en costa**. Varias montañas xuntas forman **serras**, e varias serras unidas forman unha **cordilleira**.

Vales



Son terreos **chas e afundidos situados entre montañas**. Case sempre están percorridos por ríos.

Como se forma unha montaña?



Partes dunha montaña

CUMIO

PICO

Aba ou ladeira

Val

Pé ou base



Como son as paisaxes de chaira?

Nas paisaxes de chaira hai **grandes extensións de terreo chan**. Nas chairas pode haber **mesetas e depresións**.

Mesetas

Terreos chans
situados a
bastante
altura

Formas de relevo




Montañas, chairas e mesetas.




Depresións

Terreos planos que
están afundidos e
arrodoados doutros
máis elevados.



Nas chairas tamén podemos atopar **outeiros**, que son elevacións de pouca altura coa cima plana

Paisaxe de interior: montaña e chaira



Como son as paisaxes de costa?

A paisaxe de costa é a terra que está en contacto co mar. Nas paisaxes de costa o relevo ten formas variadas:

Cabo



Porción de terra que entra no mar

Golfo



Parte de mar que entra na terra

Península



Porción de terra rodeada de mar por todas partes agás por una, que se chama **ITSMO**.

Illa



Porción de terra rodeada de mar por todas partes.O arquipiélago é un conxunto de illas próximas entre sí.

Cantís



Montañas que chegan ao mar

Praia



Terra chá que chega ao mar

**Se queres desfrutar coas paisaxes de Galicia,
podes ver estes vídeos**

Trevinca. A xoia da alta montaña

Praias de Galicia

Chaira. Vista aérea da Lagoa de Cospeito

Que escoitamos mentres traballamos?

- ♪ “El Amanecer”. Eduard Grieg.
- ♪ “En la gruta del rey de la montaña”. Eduard Grieg.
- ♪ Variaciones Goldberg. Bach.

